

Plan Dixital Curso 2023/24 (resumo)

O Plan dixital completo pódese consultar na plataforma [Educalidade](#), non sendo precisa a identificación persoal, ou na seguinte ligazón:

<https://www.edu.xunta.gal/educalidade/BuscaPlanAction?codPlan=1&codConvocatoria=132&codCentro=27015360>

1. Vixencia.

Neste apartado indicase que é o Plan Dixital para este curso 2023/24.

Atopase pendente a súa aprobación polo Consello Escolar e a presentación ao claustro (esta reunión).

2. Introducción

Na introdución faise unha breve descrición do Centro e indicase o marco legal en materia do Plan dixital.

3. Contexto DAFO

Na análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades tiveronse en conta as enquisas Selfie e CDD, e ademais a información que puideron ir recollendo no tempo que levo no Centro e as impresións xerais que fun tendo.

O DAFO completo na aplicación pero a modo de resumo (análise):

- **Claustro receptivo pero falta de tempo** para mellorar o método de ensino coas tecnoloxías dixitais.

- O persoal docente fai uso das novas tecnoloxías pero **precisase potenciar facilitadores (repositorios de recursos, guías: software libre, licenzas de uso e distribución, etc...**

- **Alumnado** posúe **diferentes potencialidades** en ámbitos diversos pero demostra, **en xeral, escasa competencia dixital** e en ocasións parece **sobreestimar a súa capacidade de uso responsable**.

- A **paxina web funciona como fonte de información para as familias**, pero sería **preciso fomentar o uso da plataforma Abalar para unha comunicación fluída e de carácter oficial** coas familias.

- **O Centro dispón de equipos informáticos pero** en moitas ocasións este está **obsoleto ou desactualizado**. Existe unha **escaseza de espazos físicos** que faciliten as prácticas innovadoras (a biblioteca está a traballar nesta dirección).

- A chegada dos **Polos Creativos** son unha grande **oportunidade para dotar ao Centro e formar aos docentes sempre que os equipos asignados sexan apropiados as necesidades** do Centro.

4. Obxectivos

O importante no Plan Dixital do Centro son os **obxectivos e as accións precisas para acadalos**, para establecelos primouse que fosen viables (en realidade "*Específicos, Medibles, Alcanzables, Realistas e con límite en el Tiempo*" ou **SMART**)

Obxectivo	O01PD Impulsar o uso da aula Virtual do Centro entre o profesorado para compartir recursos e documentación.		
Indicadores do obxectivo.	Elaborar cando menos tres dos seguintes documentos e presentación dos mesmos ao persoal docente na aula virtual do Centro no curso de recursos.: - <i>Guía licenzas de uso.</i> - <i>Fontes de recursos educativos abertos.</i> - <i>Introdución ao deseño universal de aprendizaxe (DUA)</i> - <i>Guía de uso de SAAC e fontes de recursos.</i> - <i>Guía adaptada de usuario Aula Virtual do Centro (alumnado e familias).</i> - <i>Guía básica de creación de tarefas e actividades na aula virtual.</i>		
Valor de partida	0 documentos relacionados co obxectivo.		
Valor previsto e data	3 documentos creados e postos a disposición dos docentes.	Xuño 2024	
ACCIÓNS A DESENVOLVER			
Acción	Responsable	Destinatarios	Data Máxima
AO1.1: Crear un curso destinado a compartir recursos na aula virtual do Centro.	Coordinador TIC.	Profesorado	01/11/2023
AO1.2: Matricular aos membros do claustro no curso creado.	Coordinador TIC	Profesorado	31/12/2023
AO1.3: Creación dun grupo de traballo para dotar de fondos o banco de recursos.	Coordinador Plan Dixital.	Profesorado	31/12/2023
AO1.4 : Por a disposición do claustro cando menos tres documentos	Coordinador TIC	Profesorado	30/06/2024

Obxectivo	O02PD Introducir o programa de Polos Creativos nas dinámicas educativas do Centro.		
Indicadores do obxectivo.	Realizar cando menos unha actividade a partir dalgún dos Kit recibidos.		
Valor de partida	0		
Valor previsto e data	1 Memoria de actividade.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER			
Acción	Responsable	Destinatarios	Data Máxima
AO2.1: Solicitar liña PFPF.	Coordinador Formación do profesorado.	Administración educativa (CFR).	31/10/2023
AO2.2 Formación dun grupo de traballo.	Coordinador de liña	Grupo de traballo	31/12/2023
AO2.3: Realizar a formación en relación aos kits recibidos.	Coordinador de liña	Profesorado	30/06/2024
AO2.4: Establecer un espazo tecnolóxico na biblioteca escolar, a partir da dotación dos Polos Creativos, que permita continuar traballando as competencias STEM da comunidade educativa.	Coordinador de Polos Creativos	Biblioteca escolar. Comunidade educativa.	30/06/2024
AO2.5: Elaborar cando menos unha actividade referida a algún dos Kit recibidos.	Coordinador de liña	Comunidade educativa.	30/06/2024

Obxectivo	003PD Implantar a comunicación coas familias por ABALAR MÓBIL.		
Indicadores do obxectivo.	Número de familias que instalan a aplicación ABALAR MÓBIL \geq 15		
Valor de partida	0		
Valor previsto e data	15		
ACCIÓNS A DESENVOLVER			
Acción	Responsable	Destinatarios	Data Máxima
AO3.1. Realizar reunión coas titorías para informar do obxectivo e solicitar colaboración.	Coordinador Plan Dixital	Titores	31/10/2023
AO3.2: Elaborar unha guía rápida de uso ABALAR Móbil para as familias.	Coordinador Plan Dixital	Familias	31/01/2024
AO3.3: Elaborar guía rápida de uso de ABALAR Móbil para o profesorado.	Coordinador Plan Dixital.	Profesorado	31/01/2024
AO 3.4: Recoller información dos titores acerca do uso da aplicación ABALAR móbil.	Coordinador Plan Dixital.	Titores	30/06/2024

Obxectivo	005PD Completar a posta en marcha nas aulas de ferramentas de comunicación tecnolóxica: SAAC.		
Indicadores do obxectivo.	Cando menos deseñase e ponse a disposición do alumnado unha actividade ou tarefa que requira o uso da SAAC na aula virtual do Centro.		
Valor de partida	0		
Valor previsto e data	1		
ACCIÓNS A DESENVOLVER			
Acción	Responsable	Destinatarios	Data Máxima
AO5.1: Proporcionar ou dar a coñecer ao alumnado ferramentas TIC para comunicarse.	Titores e especialistas	Alumnado	31/01/2024
AO5.2: Realizar actividades escolares que requiran de comunicación a través das TIC.	Titores e especialistas	Alumnado	30/06/2024
AO5.3: Crear actividades ou tarefas na aula virtual de Centro que permitan coñecer ou faciliten o uso de SAAC polo alumnado.	Titores e especialistas	Alumnado	30/06/2024

5. Seguimento

O seguimento farase cando menos trimestralmente pero **tendo en conta as datas límites para ter rematadas cada unha das accións** (ver no cadro de obxectivos).

6. Avaliación

No final de curso realizarase a avaliación final (Valoración xeral) e a comprobación da consecución dos obxectivos propostos así como o plantexamento dos novos (Propostas de mellora) de cara ao vindeiro curso 2024-25.

David Toural (Coordinador Plan Dixital)